



ACTA Nº 2023/14

SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN

- SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE CEE, venres 29 de setembro de 2023 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

ALCALDESA

MARGARITA LAMELA LOUZÁN

CONCELLEIROS/AS

RUBÉN VILLAR AGULLEIRO
EMILIA MARÍA TRILLO LOJO
MARÍA LUISA RODRÍGUEZ RIVEIRO
BELÉN FERNÁNDEZ CONDE
ALFONSO CANOSA BLANCO
JESÚS ÁNGEL PICALLO SANTOS
AGUEDA MARÍA DÍAZ MEJUTO
MARÍA VICTORIA AREAS POSE
SERXIO DOMINGUEZ LOURO
MONSERRAT CANOSA VIGO
MARÍA DEL PILAR IGLESIAS LEMA

AUSENTE

SERGIO ROMERO CONDE
(EXCUSA AUSENCIA)

SECRETARIA

ROCIO HERMIDA CANCELA

INTERVENTORA

ROSA Mª FERNÁNDEZ CANOSA

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

A) PARTE RESOLUTIVA

1. **Aprobación ope legis das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:**

I. **Borrador da sesión extraordinaria celebrada o 28 de agosto de 2023.**
Sométese á votación o borrador e resulta aprobado por unanimidade dos presentes.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA

2. **Proposta da alcaldía relativa a depuración de dereitos pertencentes á agrupación de exercicios pechados. EXPEDIENTE Nº: 2023/G03/000904.**



Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Economía e Facenda o día luns 25 de setembro de 2023 emitíuse o seguinte **DITAME**:

“2. Proposta da alcaldía relativa a depuración de dereitos pertencentes á agrupación de exercicios pechados. EXPEDIENTE Nº: 2023/G03/000904.

Considerando a seguinte:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

EXPEDIENTE Nº: 2023/G03/000904

Procedemento: DEPURACIÓN DE DEREITOS PERTECENTES Á AGRUPACIÓN DE EXERCICIOS PECHADOS.

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, considerando o Informe-Proposta emitido en data 13 de setembro de 2023, pola Tesourería Municipal (D^a Angelina Blanco Rial) que literalmente se transcribe:

“INFORME PROPOSTA DE TESOURERIA

AXSUNTO: DEPURACIÓN DE DEREITOS PERTECENTES Á AGRUPACIÓN DE EXERCICIOS PECHADOS.

Con relación a depuración de resultas contables, esta Tesourería informa do seguinte:

ESTADO DE INGRESOS

Con relación ao estado de Ingresos, existen dereitos recoñecidos con duplicidades e dereitos que a data de hoxe xa están prescritos, polo que son créditos incobrables e que ascenden por anos aos importes que figuran como anexos que se citan:

ANO	IMPORTE
2011	3.510,85€
2012	24.103,48€
2013	113.142,18€
2014	11.284,06€
2015	5.125,90€
2016	294,47€
2017	1.449,36€
2018	623,34€
2019	1.337,48€

Facer constar que si ben en algún exercicios as cantidades son elevadas, en algún casos correspondense con recoñecemento de subvencións que xa estaban ingresadas ou ben estaban sen xustificar ao peche do exercicio e a cantidade final a ingresar era inferior ao recoñecido.

CONCLUSIÓN

Con base ao exposto, unha vez examinados os estados contables resultantes das contas anuais do



Exp. 2023/G010/000014

2022, e particularmente toda a agrupación de presupostos pechados, informase favorablemente a baixa en contas por erros materiais de duplicidade na contabilización na parte de ingresos que se reflicten nos anexos I ao anexo IX.

E canto informo aos efectos oportunos.”

Considerando a seguinte LEXISLACIÓN APLICABLE:

- O artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- O artigo 94 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.
- A Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.
- A Orde EHA/4040/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Básico de Contabilidade Local.
- A Orde EHA/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local.
- A Orde HAP/1782/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo simplificado de contabilidade local.

Á vista dos anteriores antecedentes, tendo en conta a normativa de aplicación e o Informe proposta **PROPOÑO o PLENO DA CORPORACIÓN**, de conformidade co artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar a depuración e en consecuencia a baixa en contas por erros materiais de duplicidade na contabilización na parte de ingreso, que ascenda a contía que se detalla no Informe Proposta, a saber:

ANO	IMPORTE
2011	3.510,85€
2012	24.103,48€
2013	113.142,18€
2014	11.284,06€
2015	5.125,90€
2016	294,47€
2017	1.449,36€
2018	623,34€
2019	1.337,48€

SEGUNDO. Practicar os asentos contables necesarios para facer efectiva a depuración sinalada.

Alcaldesa do Concello de Cee.
Margarita Lamela Louzán.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 6 votos a favor do grupo político PSOE e Mixto e 3 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

A secretaria, ROCIO HERMIDA CANCELA.”



-----INTERVENCIÓNS-----

A Sra alcaldesa explica que xa coñecen a proposta e que trátase da depuración e en consecuencia a baixa en contas por erros materiais de duplicidade na contabilización na parte de ingreso.

-----VOTACIÓNS-----

Sométese á votación a Proposta e Ditame e resulta aprobada no seguinte sentido: 7 votos a favor dos grupos políticos Psoe e Mixto e 5 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

3. Proposta da alcaldía relativa á modificación do Anexo de subvencións do orzamento para o exercicio 2023.Expediente Nº: 2023/T002/000024.

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Economía e Facenda o día luns 25 de setembro de **“3. Proposta da alcaldía relativa á modificación do Anexo de subvencións do orzamento para o exercicio 2023.Expediente Nº: 2023/T002/000024.**”

Considerando a seguinte:

PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: MODIFICACIÓN DO ANEXO DE SUBVENCIÓNS DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2023.

Expediente Nº: 2023/T002/000024

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, considerando necesaria a modificación do anexo de subvencións nominativas do Orzamento Municipal para 2023 para dar cobertura a unha necesidade como é a de satisfacer á asociación de veciños de Lamas os gastos necesarios para a comprobación sanitaria da agua **PROPOÑO** ao **PLENO DA CORPORACIÓN** a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación do Anexo de Subvencións do Orzamento para o exercicio 2023, cuxa redacción é a seguinte:

NOMINATIVAS 2023

PARTIDA	ENTIDADE	IMPORTE	DESTINO	CARÁCTER
230/489.00	Solidaridade Galega co Pobo Saharai	1.560	Programa Vacacións en Paz	Postpagable
230/489.00	Cáritas Diocesana de Santiago-Parroquia de Cee.	3.000	Convenio	Postpagable
311/480.00	Asociación de veciños de Lamas	1.427,80	Convenio	Postpagable
340/489.00	Unión Club Cee	6.000	Convenio	Postpagable
340/489.00	ACB Costa da Morte	4.000	Convenio	Postpagable
340/489.00	Asociación Deportiva Olimpia Cee	2.500	Convenio	Postpagable
340/489.00	S.D Ameixenda	2.200	Convenio	Postpagable
340/489.00	Club Arte e Movemento	1.200	Convenio	Postpagable
340/489.00	Fútbol Sala Feminino Villa de Cee	2.200	Convenio	Postpagable
330/489.01	Fundación Fernando Blanco	18.000	Convenio	Prepagable



Exp. 2023/G010/000014

340/489.00	Atlético Pereiriña Fútbol Club (G70111729)	0	Convenio	Postpagable
340/489.00	Club Cee de deportes de contacto (G 70209341)	0	Convenio	Postpagable
340/472.00	VIRAXES SL	80.000	Resultado da explotación.	Postpagable
330/489.01	Asociación Comisión de festas da Xunqueira de Cee	50.000	Convenio	Prepagable
330/489.01	Asociación de amigos da Banda	0	Convenio	Postpagable
330/489.01	Asociación cultural Terra de Sena	0	Convenio	Postpagable
330/489.01	SDC Brens	0	Convenio	Postpagable
330/489.01	Coral Polifónica Costa da Morte	0€	Convenio	Postpagable
330/489.01	Asociación cultural banda de música de Cee	0€	Convenio	Postpagable
330/489.01	SDRC Fumes do Cal	0€	Convenio	Postpagable
330/489.01	Asociación cultural Peta Forte	0€	Convenio	Postpagable
330/489.01	A.R.C.E Pedras Miúdas	0€	Convenio	Postpagable
330/489.01	AA..VV. TOBA	0€	Convenio	Postpagable
330/489.01	A.A.V.V AS CALDEIRAS DE GURES	0€	Convenio	Postpagable
330/489.01	Asociación Pan de Raposo	0€	Convenio	Postpagable
330/489.01	Asociación de amas de casa, consumidores y usuarios	0€	Convenio	Postpagable
330/489.01	Asociación de Amigos da Xunqueira (G67767681)	5.000€	Convenio	Prepagable

SEGUNDO. Expoñer ao público a Modificación, por prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, para efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

TERCEIRO. Considerar elevado a definitivo este acordo, no caso de que non se presente reclamación algunha.

CUARTO. Contra a aprobación definitiva da Modificación do Anexo de Subvencións, poderá interpoñerse directamente Recurso Contencioso na forma e prazos establecidos na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán.

Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 5 votos a favor do grupo político PSOE e 4 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

-----INTERVENCIÓNS-----

Sr Picallo: neste caso estamos a favor que se modifique o as para que se cubran as necesidades do tecido asociativo incluso asociación veciños de Lamas para comprobación sanitaria da auga, o voto do PP vai ser favorable e pedimos que na medida do posible inclúa todo tecido asociativo do que depende a vida social cultural e deportiva do noso pobo.

Sr Domínguez Louro: desde logo vamos votar a favor a esa modificación do as e que se dea esa cantidade a esa asociación de veciños, sen embargo quería puntualizar que nos xa fixemos en



Exp. 2023/G010/000014

varias ocasións a proposta das fontes de auga potable mais tamén dixemos en varias ocasións repetidas que é necesario asumir dunha vez por todas unha das súas obrigas controlar as augas que consume a veciñanza, en moitas ocasións so preocupa a auga que abastece cee e arredores e algún outro que é normal que se faga porque ven dun río e leva consigo uns perigos engadidos sen embargo consideramos tamén que co cambio climático, coa escasez de auga que hai cada dous por tres se incrementen e se faga en cada unha das aldeas e parroquias do concello de cee se fagan analíticas e que saiban que se bebe en cada momento, é sumamente necesario e recordar que levamos unha teima é necesaria dentro do presuposto municipal debe haber unha cantidade de diñeiro falabamos de 0,5 % para subvencións a entidades como esta, para que paulatinamente fagan as melloras oportunas porque son eles e elas as que xestionan as augas das aldeas, cada asociación, comisión presente un proxecto e sobre el ir cada ano axudando na medida do posible, logo unha pregunta que vamos modificar o anexo pero vai haber dúas entidades que queden sen axuda o club deportes contacto e atlético Pereiriña quedan a cero e porque si o ano pasado se lle dou 1500 euros cada un, supoño que para o ano intentaremos darlla consideramos necesario seguir e non interrumpir a eses clubs.

Sra alcaldesa: con relación a pregunta contesto despois ou queredes falar antes, contesto a Serxio, respecto a súa pregunta o ano pasado concedeuse unha subvención a esas entidades pero tamén con unha modificación, este ano estamos a finais de exercicio e considero que esta subvención é unha necesidade para un control como se dixo para analíticas para o consumo da auga, respecto as entidades deportivas que di me consta que recibiron subvención nominativa de 4176 e 3832 euros se non estou errónea estase estudiando polo técnico de deportes en facer os estudos e sacar en concorrencia competitiva as asociacións en materia deportiva, faremos a comisión correspondente de cara os orzamentos do ano que ven.

Sr Domínguez Louro: as entidades polo menos atlético Pereiriña son compatibles as subvencións como é sociedade deportiva Ameixenda...non me vale que se lle da doutro lado, o que fai o técnico é para o exercicio que ven?

Sra alcaldesa: Claro, para o que ven.

Sr Domínguez Louro: Consideramos que debería ser para todas non para dúas.

Sra alcaldesa: Falo de todas

Sr Domínguez Louro: Simplemente o digo para aclarar a quen nos escoite, non consideramos xusto eso consideramos que si é verdade o control de augas mais que necesario pero seguro que en Brens, Fadibón, Lires, Porcar etc cremos que temos que ser todos tratados igual a veciñanza.

Sra alcaldesa: Reiterar que estamos a finais de exercicio é unha petición expresa por esta comunidade de veciños non me consta por outra de aí que non se trouxera respecto os clubs que se refire se mirará si queda presuposto e traela o próximo pleno comprométome a eso dado que o ano pasado tamén se fixo.

Sra Iglesias: Entendemos que agora ten unha maioría suficiente para aprobar un presuposto que abrangue mais subvencións como di si se compromete a traelo nunha comisión e no próximo presuposto intentar incluír a maioría de asociacións estamos de acordo, tamén coa de veciños de Lamas, pero do mesmo xeito entendemos que hai moitas mais que quedan fora e por eso o noso voto vai ser abstención,

Sra. Alcaldesa: soamente por salientar cando se trouxo a proposta sendo alcaldesa na lexislatura pasada no mes de xaneiro xa se traía unha serie de cantidades consecuencia de non aprobarse os orzamentos polo tanto nesta ocasión tendo maioría absoluta se traerá unha proposta que vai saír aprobada.

-----VOTACIÓNS-----



Sométese á votación a Proposta e Ditame e resulta aprobada no seguinte sentido: 1 abstención do grupo Mixto e 11 votos a favor dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

4. Proposta da alcaldía relativa á Aprobación Inicial da Modificación do Plan Estratéxico de Subvencións 2023. EXPEDIENTE Nº: 2023/X999/000020.

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Economía e Facenda o día luns 25 de setembro de 2023 emitíuse o seguinte **DITAME**:

“4. Proposta da alcaldía relativa á Aprobación Inicial da Modificación do Plan Estratéxico de Subvencións 2023. EXPEDIENTE Nº: 2023/X999/000020.

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: Aprobación Inicial da Modificación do Plan Estratéxico de Subvencións 2023.
EXPEDIENTE Nº: 2023/X999/000020.

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, dada a necesidade de aprobación da modificación do Plan estratéxico de subvencións consecuencia da Modificación do Anexo de Subvencións nominativas para o ano 2023, en uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente **PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobación inicial da Modificación do Plan Estratéxico de Subvencións 2023 que de seguido se detalla, de conformidade co artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, consecuencia da Modificación do Anexo de Subvencións Nominativa:

PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2023

O artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, ten carácter básico, polo que todos os Concellos que pretendan outorgar subvencións deben aprobar o seu correspondente Plan Estratéxico de Subvencións.

Hai que ter en conta a disposición adicional décimo terceira da Lei 38/2003, de 17 de novembro, na que se establece que os Plans e programas relativos a políticas públicas que estean previstas en Normas legais ou regulamentarias, terán a consideración de Plans Estratéxicos de Subvencións sempre que recollan o contido previsto no artigo 8.1 da Lei 38/2003.

En cumprimento do disposto na disposición final terceira da citada Lei, o Goberno aprobou o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e no prazo de seis meses a partir da súa entrada en vigor do mesmo (25 de outubro de 2006), os plans estratéxicos de subvencións ou dos plans e programas sectoriais vixentes adaptaranse ao establecido no mesmo.

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, supón un paso máis no proceso de perfeccionamento e racionalización do sistema económico. Un dos principios que rexe a Lei é o da transparencia que, xunto coa gran variedade de instrumentos que se articulan na Lei, redundará de forma directa nun incremento dos niveis de eficacia e eficiencia na xestión do gasto público



subvencional.

Neste sentido, una maior información acerca das subvencións fará posible eliminar as distorsións e interferencias que puidesen afectar o mercado, ademais de facilitar a complementariedade e coherencia das actuacións das distintas Administracións Públicas evitando calquera tipo de solapamento.

Para mellorar a eficacia, prevese na Lexislación que se proceda a elaborar un Plan Estratéxico de Subvencións [instrumento de organización das políticas públicas que ten como finalidade o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública], de carácter plurianual e con carácter previo ao nacemento das subvencións, coa finalidade de adecuar as necesidades a cubrir mediante as subvencións cos recursos dispoñibles; con carácter previo ao nacemento da subvención.

Por iso, este Concello aproba o Plan Estratéxico de Subvencións cuxo articulado figura a continuación.

Artigo 1.

O establecemento de subvencións por este Concello durante o período 2023 axustarase ao previsto no presente Plan.

Artigo 2.

O establecemento efectivo das subvencións previstas neste Plan requirirá a inclusión das consignacións correspondentes nos Orzamentos municipais de cada ano e a aprobación das Ordenanzas que conteñan as bases reguladoras da súa concesión.

Artigo 3

O establecemento de subvencións queda supeditado ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, polo que as consignacións orzamentarias que se aproben e as bases reguladoras da súa concesión acomodaranse en cada momento a devanditos obxectivos.

Artigo 4

A aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións non supón a xeración de dereito algún en favor dos potenciais beneficiarios, que non poderán esixir indemnización ou compensación algunha no caso de que o Plan non leve á práctica nos seus propios termos.

Artigo 5

O Concello concederá subvencións a favor de persoas ou Entidades privadas coa finalidade de fomentar a realización de actividades de utilidade pública ou interese social ou para promover a consecución de fins públicos atribuídos á competencia local.

Artigo 6

As materias que o Concello de Cee pretende subvencionar son as seguintes:

2023

- Acción social: CARITAS DIOCESANA, emerxencias sociais, premios, libros e becas de comedor, colaboración internacional.
- Cultura: Fundación Fernando Blanco; Amigos da Xunquera, Entroido, asociacións culturais...
- Deportes: asociacionismo deportivo, etc.
- Salubridade pública: análise agua.

Artigo 7

En materia de **acción social**, o Concello establecerá, durante o período de vixencia do Plan,



as seguintes liñas de subvención:

A) colectivos desfavorecidos:

a) **Obxectivos:** se pretende facer fronte as necesidades de emerxencia social para aqueles casos nos que se necesita unha resposta inmediata en situacións de clara necesidade de intervención inmediata mellorando a súa calidade de vida do usuario e perseguindo o obxectivo dunha integración laboral e social.

b) **Efectos pretendidos:** paliar emerxencias sociais.

c) **Custos previsibles:** 5.000€

d) **Financiamento:** O financiamento levará a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orzamentos

e) **Plan de acción:** colaboración coas distintas entidades que se financian e mediante a concesións de axudas de emerxencia social ou convocatorias de subvencións de necesidades previstas.

Artigo 8

En materia de **cultura**, o Concello establecerá, durante o período de vixencia do Plan, as seguintes liñas de subvención:

A) premios:

a) **Obxectivos:** Impulsar e achegar á poboación a creación artística a través de concursos

b) **Efectos pretendidos:** fomento da lectura e da cultura popular

d) **Custos previsibles:** 6.000€ para 2023

e) **Financiamento:** O financiamento levará a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orzamentos

f) **Plan de acción:** liñas de concursos.

B) Museos

Obxectivos: Impulsar e achegar á poboación a creación artística e a cultura a través de dos museos

b) **Efectos pretendidos:** fomento da cultura popular e o arte

d) **Custos previsibles:** 18.000€ para 2023

e) **Financiamento:** O financiamento levará a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orzamentos

f) **Plan de acción:** colaboración no sostemento da colección- museo da Fundación Fernando Blanco en relación os gastos de natureza corrente.

C) Ano Xubilar 2022/2023

Obxectivos: Impulsar o evento Ano Xubilar 2022/2023

b) **Efectos pretendidos:** fomento da cultura

d) **Custos previsibles:** 5.000

e) **Financiamento:** O financiamento levará a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orzamentos

f) **Plan de acción:** colaboración no sostemento da actuacións do ano xubilar e a coroación da Virxe da Xunqueira

D) Asociacións culturais

Obxectivos : impulsar a actividade cultural do municipio

Efectos: fomento da cultura

Custos: pendentes de determinar

Financiamento: O financiamento levará a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo



cuarto dos Orzamentos

Plan de acción: colaboración no sostemento das actuacións de distintas asociacións culturais do municipio.

Artigo 9

En materia de deportes, o Concello establecerá, durante o período de vixencia do Plan, as seguintes liñas de subvención:

A) Fomento das Prácticas Deportivas:

a) **Obxectivos:** Favorecer a realización de actividades deportivas no Municipio, apoiar a todo tipo de Entidades Públicas ou Privadas que programen ou realicen actividades de carácter deportivo, para a celebración de competicións ou eventos deportivos...

b) **Efectos pretendidos:** Financiar parte da adquisición do material deportivo e o gastos necesarios para a práctica do deporte no Municipio, o incremento de persoas que se inscriban nas diferentes Federacións deportivas, que se realice un maior número de competicións a nivel municipal, a realización de máis actividades e eventos deportivos no Municipio...

d) **Custos previsibles:** 18.100 para o 2023.

e) **Financiamento:** O financiamento levará a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orzamentos

f) **Plan de acción:** fomento do deporte mediante a colaboración con entidades que sen ánimo de lucro incentiven o deporte e a súa promoción.

g) na área de deportes destaca a entrega coma contraprestación para fomentar e favorecer o deporte, a menor cuantía a sufragar polos usuarios e a promoción deportiva a aportación con carácter de subvención á explotación a favor do concesionario da instalación da piscina municipal polo importe que resulte do resultado da explotación e cun importe máximo de **80.000€**

Artigo 9 bis

En materia de salubridade, o Concello establecerá, durante o período de vixencia do Plan, as seguintes liñas de subvención:

A) Fomento das salubridade pública:

a) **Obxectivos:** Favorecer a realización de actuacións para a mellora da salubridade pública.

b) **Efectos pretendidos:** Financiar parte dos gastos derivados a veciños en gastos de competencia municipal

d) **Custos previsibles:** 1.427.80€ para o 2023.

e) **Financiamento:** O financiamento levará a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orzamentos

f) **Plan de acción:** fomento da salubridade pública en interese dos veciños

Artigo 10

O Concelleiro competente por razón da materia ou a Alcaldesa no seu caso efectuará o control do cumprimento do presente Plan durante o seu período de vixencia.

Artigo 11

Finalizada a vixencia do Plan, antes da elaboración do seguinte a Alcaldesa deberá presentar ante o Pleno nunha Memoria na que se contemple, polo menos, o grao de cumprimento do Plan, a eficacia e eficiencia do outorgamento de subvencións na consecución dos obxectivos e efectos pretendidos e conclusións, con proposta de suxestións para a elaboración do seguinte Plan Estratéxico de Subvencións.

Anexos:

1. Anexo de subvencións nominativas do Orzamento Municipal do Concello de Cee para 2023

PARTIDA	ENTIDADE	IMPORTE	DESTINO	CARÁCTER
---------	----------	---------	---------	----------



230/489.00	Solidaridade Galega co Pobo Saharai	1.560	Programa Vacacións en Paz	Postpagable
230/489.00	Cáritas Diocesana de Santiago-Parroquia de Cee.	3.000	Convenio	Postpagable
311/480.00	Asociación de veciños de Lamas	1.427,80	Convenio	Postpagable
340/489.00	Unión Club Cee	6.000	Convenio	Postpagable
340/489.00	ACB Costa da Morte	4.000	Convenio	Postpagable
340/489.00	Asociación Deportiva Olimpia Cee	2.500	Convenio	Postpagable
340/489.00	S.D Ameixenda	2.200	Convenio	Postpagable
340/489.00	Club Arte e Movemento	1.200	Convenio	Postpagable
340/489.00	Fútbol Sala Feminino Villa de Cee	2.200	Convenio	Postpagable
330/489.01	Fundación Fernando Blanco	18.000	Convenio	Prepagable
340/489.00	Atlético Pereiriña Fútbol Club (G70111729)	0	Convenio	Postpagable
340/489.00	Club Cee de deportes de contacto (G70209341)	0	Convenio	Postpagable
340/472.00	VIRAXES SL	80.000	Resultado da explotación.	Postpagable
330/489.01	Asociación Comisión de festas da Xunqueira de Cee	50.000	Convenio	Prepagable
330/489.01	Asociación de amigos da Banda	0	Convenio	Postpagable
330/489.01	Asociación cultural Terra de Sena	0	Convenio	Postpagable
330/489.01	SDC Brens	0	Convenio	Postpagable
330/489.01	Coral Polifónica Costa da Morte	0€	Convenio	Postpagable
330/489.01	Asociación cultural banda de música de Cee	0€	Convenio	Postpagable
330/489.01	SDRC Fumes do Cal	0€	Convenio	Postpagable
330/489.01	Asociación cultural Peta Forte	0€	Convenio	Postpagable
330/489.01	A.R.C.E Pedras Miúdas	0€	Convenio	Postpagable
330/489.01	AA..VV. TOBA	0€	Convenio	Postpagable
330/489.01	A.A.V.V AS CALDEIRAS DE GURES	0€	Convenio	Postpagable
330/489.01	Asociación Pan de Raposo	0€	Convenio	Postpagable
330/489.01	Asociación de amas de casa, consumidores y usuarios	0€	Convenio	Postpagable
330/489.01	Asociación de Amigos da Xunqueira (G67767681)	5.000€	Convenio	Prepagable

SEGUNDO.-Proceder á publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello, por un prazo de trinta días hábiles, durante os cales os interesados poden presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

Publicar así mesmo, na sede electrónica deste Concello <https://www.cee.gal>.

TERCEIRO.- Concluído o período de información pública, se se presentaron reclamacións e/ou suxestións, deberán resolverse estas, incorporándose ao texto as modificacións derivadas da resolución das alegacións, no caso de que non se presenten reclamacións en relación coa aprobación inicial do Plan no prazo de información pública, entenderase definitivamente adoptado o Acordo ata entón provisional.

CUARTO.- O Acordo de aprobación definitiva [expresa ou tácita] deste Plan, co texto íntegro da mesmo, debe publicarse para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no *Boletín Oficial da Provincia*, tal e como dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán."



Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 5 votos a favor do grupo político PSOE e 4 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

-----INTERVENCIONS-----

Sra alcaldesa: é o mesmo co anterior xa coñecen a proposta ,algunha intervención neste punto?
Non se producen.

-----VOTACIONES-----

Sométese á votación a Proposta e Ditame e resulta aprobada no seguinte sentido: 1 abstención do grupo Mixto e 11 votos a favor dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E SEGUIMENTO DO PXOM

5. **PROPOSTA ALCALDÍA relativa á Denegación solicitude de suspensión da executividade da resolución impugnada e desestimación do recurso potestativo de reposición interposto pola mercantil RÍA DE LIRES SL, en data 24 de agosto do 2023, fronte á resolución municipal do 14 de xullo do 2023 do Pleno da Corporación Municipal. EXPEDIENTE Nº 2023/X999/000147.**

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Urbanismo e Seguimento do PXOM o día luns 25 de setembro de 2023 emitíuse o seguinte **DITAME**:

“2. PROPOSTA ALCALDÍA relativa á Denegación solicitude de suspensión da executividade da resolución impugnada e desestimación do recurso potestativo de reposición interposto pola mercantil RÍA DE LIRES SL, en data 24 de agosto do 2023, fronte á resolución municipal do 14 de xullo do 2023 do Pleno da Corporación Municipal. EXPEDIENTE Nº 2023/X999/000147.

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA

EXPEDIENTE Nº 2023/X999/000147: recuperación dun ben (camiño) de dominio público.

ASUNTO: Denegación solicitude de suspensión da executividade da resolución impugnada e desestimación do recurso potestativo de reposición interposto pola mercantil RÍA DE LIRES SL, en data 24 de agosto do 2023, fronte á resolución municipal do 14 de xullo do 2023 do Pleno da Corporación Municipal.

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, considerando que o 03-05-2023, ditouse resolución da alcaldía con número 364/2023, na que se resolvía:

“(…) **PRIMEIRO. Incoar o procedemento de RECUPERACIÓN DO CAMIÑO PÚBLICO SINALADO NO ENCABEZADO DO PRESENTE ESCRITO, a saber:**
Finca segregada. RÚSTICA. FINCA NÚMERO DOSCIENTOS CUARENTA Y OCHO – UNO (248-1) de la zona de concentración parcelaria de San Esteban de Lires, Municipio de Cee. Tiene una superficie de 758,50 metros cuadrados y linda: NORTE, ESTE y OESTE, camino y SUR, Herminio Fandiño Canosa



(247).

SEGUNDO. *Conceder un trámite de DEZ DÍAS improrrogable ós responsables e interesados en xeral para formular alegacións de conformidade co disposto no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e 56 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.*

TERCEIRO. *Que a obriga de restauración do dominio público deberá abranguer a eliminación do recheo de terreno e do muro de contención realizado sen autorización sobre dominio público, conforme co establecido no plano de cesións e na licenza, debendo deixar 5 metros dende o eixo do camiño libres e expeditos e coa rasante na actualidade existente no camiño.(...)"*

Considerando o escrito de alegacións presentado o 29 de maio de 2023 pola mercantil interesada.

Resultando o Informe-Proposta emitido en data 28 de xuño de 2023 emitido pola Secretaria Municipal.

Considerando o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en data 14 de xullo de 2023, que resolvía:

"(...)Primeira. ACORDAR a recuperación de oficio do treito de camiño público que foi cedido pola mercantil RÍA DE LIRES SL en data 13 de xullo de 2017 ante a notaria Carmen Susana Mora Ferreiro, parcela segregada que ten a seguinte descrición segundo o título:

"a)Finca segregada. Rústica. Finca número 248 – 1 (248-1) de la zona de concentración parcelaria de San Esteban de Lires, municipio de Cee. Tiene una superficie de 758,50 m2 y linda: norte, este y oeste, o camino y sur, Hermino Fandiño Canosa (247)." (...)

OTORGAN

Primero: que la entidad RÍA DE LIRES SL, aquí debidamente representada, con el consentimiento de los titulares registrales doña Inés Fraga Román y don Braulio Montero Pampín coma y declaran efectuada la segregación contenida en el expositivo dos de la presente.

Segundo: que la entidad RÍA DE LIRES SL, aquí debidamente representada, con el consentimiento de los titulares registrales doña Inés Fraga Román y don Braulio Montero Pampín, cede a título gratuito del total y pleno dominio de la finca segregada y descrita bajo el apartado a del expositivo dos al excelentísimo concello de cero aquí representado verbalmente, que la acepta y adquiere."

Parcela que ademais consta debidamente catastrada dun xeito gráfico a favor do Concello de Cee, establecéndose as coordenadas UTM da finca cedida na devandita escritura de cesión.

Segunda. En consecuencia, **ordenar** á entidade RÍA DE LIRES SL, a devolución do camiño ocupado e á restitución do dominio público afectado, ordenando a dita mercantil que proceda á retirar e eliminar as obras de recheo de terras e á demolición dun muro de contención, executadas sobre terreos destinados a camiño público, co fin de formar unha plataforma horizontal de terreo á mesma rasante que sobre a que se asentan as construcións destinadas a un complexo turístico existente na parcela con referencia catastral 0108601MH8600N0001BD, sitas no lugar de Lires 147, no termo municipal de Cee, provincia de A Coruña, conforme co establecido no plano de cesións e na licenza, debendo deixar o camiño libre e expedito e coa rasante que na actualidade posúe o camiño do que forma parte.

Terceira.- A obra de restitución deberá comezar no IMPRORROGABLE PRAZO de QUINCE DÍAS, debendo estar rematada a restitución no improrrogable prazo no prazo de TRES MESES, sen que a obra poida estar parada máis de UNHA SEMANA.

Cuarta.- ADVERTIR á entidade RÍA DE LIRES SL, que para o caso de resistencia ao seu cumprimento voluntario ou para o caso de non cumprimento dos prazos conferidos, serán ditadas 5 multas coercitivas mensuais, por importe de 1.000 €, 2.000 €, 4.000 €, 8.000 € e 10.000 €.

Unha vez emitidas as devanditas 5 multas coercitivas procederase á execución subsidiaria, ditándose a correspondente resolución ó respecto. Neste caso será esta administración quen proceda á apertura e restitución do camiño a custe da mercantil RÍA DE LIRES SL, emitíndose a correspondente liquidación, que de non ser aboada, se procederá a liquidar por vía de constrinximento. (...)"

Constando notificación do acordo o 24 de agosto de 2023.



Exp. 2023/G010/000014

Resultando que a interesada presente recurso de reposición contra dito acto en data 24 de agosto de 2023 con NRE 202399900001245.

Visto o Informe-Proposta emitido en data 12 de setembro de 2023 emitido pola Secretaria Municipal, que literalmente indica:

“ **Expediente:** BENS/ Expediente de recuperación dun ben (camiño) de dominio público.

EXPEDIENTE Nº 2023/X999/000147.

Ref. Catastral: 0108601MH8600N0001BD (parcela que está a ocupar o dominio público).

Persoa responsable da usurpación do ben: RIA DE LIRES SL, con NIF B70500194, con domicilio en LUGAR LIRES, 86, 15270 Concello de Cee (A Coruña).

Obxecto: Informe xurídico ó recurso de reposición interposto.

INFORME XURÍDICO

I. ANTECEDENTES

I.1. CESIÓN DO TERREO EN ESCRITURA PÚBLICA

En data 13 de xullo de 2017 a entidade Ría de Lires formalizou en escritura pública a cesión do treito de finca que se describe baixo o apartado a) do expositivo II a este Concello, parcela que se describe:

“a. Finca segregada. RÚSTICA. FINCA NÚMERO DOSCIENTOS CUARENTA Y OCHO – UNO (248-1) de la zona de concentración parcelaria de San Esteban de Lires, Municipio de Cee. Tiene una superficie de 758,50 metros cuadrados y linda: NORTE, ESTE y OESTE, camino y SUR, Herminio Fandiño Canosa (247).”

Foi acompañado un plano de cesión á devandita escritura.

Esta cesión de terreos destinados a dominio público consta debidamente catastrada coas coordenadas UTM que se estableceron na escritura de cesión, tal e como se aprecia a día de hoxe no catastro.

I.2. LICENZA

Esta cesión foi realizada en cumprimento da obriga imposta pola Lei 2/2016 do solo de Galicia, como cesión de terreos destinados á ampliación de vieiros públicos, por canto obtiveron unha licenza para a construción dun complexo turístico, outorgada por este concello en data 23 de xuño de 2017.

Nesta licenza establecíase o deber de cesión, para que o vieiro acade unha anchura de 5 metros a cada lado do eixo da vía libre de toda edificación:



Exp. 2023/G010/000014

A parcela contará con acceso rodado directo dende unha vía de titularidade pública que reuna os seguintes requisitos:

(...) Contará en toda a súa lonxitude dunha calzada pavimentada de ancho mínimo de 6 metros e dúas zonas ós lados completamente libres de calquer construción de 2.00 metros de ancho cada unha

(...)

A previsión viara deste artigo supera os 4 metros previstos na lexislación autonómica, polo que deberán entregarse 5 metros, medidos dende os eixos das vías NE e SO, na zona da Ordenanza 21

(...)

A parcela contará con acceso rodado directo dende unha vía de titularidade pública que reuna os seguintes requisitos:

(...) Contará en toda a súa lonxitude dunha calzada pavimentada de ancho mínimo de 6 metros e dúas zonas ós lados completamente libres de calquer construción de 2.00 metros de ancho cada unha

(...)

A previsión viara deste artigo supera os 4 metros previstos na lexislación autonómica, polo que deberán entregarse 5 metros, medidos dende os eixos das vías NE e SO, na zona da Ordenanza 21

Tamén se establecía expresamente a cesión coma condición suspensiva da licenza, é dicir, que o seu incumprimento podería implicar que a mesma aínda non comezase a ter vixencia:



CONCLUSIÓNS

Primeira: licenza urbanística de obras

Procedería conceder a licenza urbanística que se solicita, baixo condición de que as obras se axusten á ordenación urbanística en relación coas seguintes cuestións:

- *entrega de 5 m, medidos dende os eixes das vías NE e SO, na zona da Ordenanza 21*
- *itinerario peonil accesible entre os distintos edificios e destes coas zonas comúns*
- *cumprimento do DB-SI na porta de saída da sala multiusos*
- *cumprimento do art. 3.c.1 da L 38/1999 e do DB-SUA1 na escaleira de acceso á terraza*

Os citados axustes figurarán recollidos no proxecto de execución que deberá constar presentado no Concello, xunto cos oficios de dirección e coordinación de seguridade e saúde, antes do inicio das obras.

En todo caso, a eficacia da licenza só se producirá a partir do cumprimento do deber de entrega dos terreos necesarios para completar as seccións viarias, mediante o levantamento da acta correspondente.

I.3. OCUPACIÓN DA FRANXA OBXECTO DE CESIÓN

En data 28 de febreiro de 2023 a APLU, trala tramitación dun prolixo expediente con número COR/52/2021-RP1 fronte a Ría de Lires SI, declarou que a citada mercantil procedeu á ocupación ilexítima do camiño público cun muro de contención que fai que o treito cedido quede en plano máis alto, coa única finalidade de dar servizo á finca titularidade daquela empresa, privándoa do uso colectivo veciñal. A tal efecto dispón o ente consorcial:

“Por todo o anterior, RESOLVO:

Primeiro.- Declarar que as obras de recheo de terras e a construción dun muro de contención das mesmas, executadas sobre terreos destinados a viario, co fin de formar unha plataforma horizontal de terreo, sobre a que se asentan as construcións destinadas a un complexo turístico existente na parcela con referencia catastral 0108601MH8600N0001BD, sitas no lugar de Lires 147, no termo municipal de Cee, provincia de A Coruña, son ilegalizables, por seren incompatibles co ordenamento urbanístico.

Segundo.- Ordenar á entidade “Ría de Lires, S.L.” (na súa condición de promotora das obras) e o Concello de Cee (na súa condición de propietario dos terreos no que se efectuaron as obras), a demolición do muro de contención, así como á reposición dos terreos ao estado anterior á execución das obras do recheo de terras, a súa costa.

A orde de demolición e reposición ao estado anterior deberá ser executada no prazo de tres meses a contar desde a notificación da presente resolución, dando conta á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

Terceiro.- Para o cumprimento do ordenado no apartado segundo, Inés Fraga Romar e Braulio Montero Pampín, na súa condición de propietarios dos terreos colindantes afectados pola orde de reposición dos terreos, deberán posibilitar a execución das obras de reposición dos terreos ao seu estado anterior á execución do recheo.

Cuarto.- Apercibir aos obrigados de que no caso de incumprimento da orde de demolición e de reposición no prazo sinalado procederase á súa execución subsidiaria ou á súa execución



forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables periodicamente ata lograr a execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha, conforme ó disposto polo artigo 152 da Lei 2/2016, de 16 de febreiro, do solo de Galicia.

Quinto.- Notificar aos interesados a presente resolución, indicándolles que pon fin á vía administrativa e contra a mesma poden interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes, ante o director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, contado a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar esta notificación, ou ben, se non exercitan o seu dereito a presentar recurso potestativo de reposición, poden interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses, ante o Xulgado do contencioso - administrativo en cuxa circunscrición radique o inmovible afectado, conforme ao disposto no artigo 14.1, regra terceira da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa."

Neste expediente, que se incorpora ó presente, apréciase sen xénero de dúbidas a ocupación feita pola empresa responsable, empresa que foi parte interesada no expediente tramitado pola APLU.

Ante a gravidade dos feitos declarados nun acto administrativo firme pola administración autonómica, esta administración non pode permanecer impasible, polo que é preceptiva a tramitación do presente expediente de recuperación do dominio público, procedendo á eliminación do muro de contención e recheo que ocupan o mesmo.

Para o caso de incumprimento, se advirte a imposición de multas coercitivas reiterables mensualmente.

I.4. TRAMITACIÓN DE EXPEDIENTE MUNICIPAL DE RECUPERACIÓN DO CAMIÑO PÚBLICO

En data 3 de maio de 2023 foi incoado expediente de recuperación, investigación e deslinde do camiño, outorgando un prazo de 10 días á empresa interesada para que formulase alegacións.

En data 29 de maio de 2023 a mercantil interesada formula alegacións que se resumen nas seguintes:

Primeira. Considera á empresa que non é este o proceso axeitado para a execución da orde de demolición dictada pola APLU que todavía non é firme ó estar recorrida en vía administrativa pola empresa.

Contestación dada: O presente expediente ten unha finalidade e obxectivo complementemente diferente ó tramitado pola APLU. Este concello, tendo constancia da flagrante ocupación dun camiño público cedido pola propia interesada, debe de protexer ó patrimonio de tódolos veciños do concello. A existencia doutro expediente non implica que esta administración non estea imperativamente obrigada á tramitación do presente expediente e á recuperación do camiño público invadido. Deste xeito, este Concello non está a executar ningunha resolución da administración autonómica, senón que se está incoando un novo expediente en uso das competencias imperativas establecidas pola Lei.

Segunda. Como segunda alegación, a interesada alega varias consideracións:

1. Que este concello non posúe a posesión do vieiro público.

Contestación dada: O treito do camiño obxecto do presente expediente **foi cedido notarialmente pola agora alegante**. Consonte co disposto no art. 1463 do Código civil, a sinatura de escritura pública, presupón ope legis a ficta traditio e a entrega da posesión do treito obxecto do presente expediente. Por iso enténdese que este concello ten a posesión do inmovible obxecto deste expediente.

Así o establece o art. 1463 parágrafo segundo do Código Civil:

"1462. Se entenderá entregada la cosa vendida cuando se ponga en poder y posesión del comprador.

Cuando se haga la venta mediante escritura pública, el otorgamiento de ésta equivaldrá a la entrega de la cosa objeto del contrato, si de la misma escritura no resultare o se dedujere claramente lo contrario."

Pese a que se di que non consta documentación acreditativa da posesión, sí consta no expediente a escritura pública de cesión ós folios 28-74 tal e como admite a alegante na súa alegación.

Este alegato foi desestimado.

2. Que este concello non identifica correctamente a franxa de terreo que quere recuperar facendo "alusión genérica a la escritura de cesión y al plano de cesión que se incorpora a la misma."

Contestación: O treito está perfectamente identificado polo plano de cesión notarial efectuado pola propia interesada (como ela mesma recoñece) na que constan as coordenadas UTM para a alteración



catastral, así como polo informe de medición efectuado polos técnicos da APLU, medición que consta no expediente, perfectamente acoutada e definida.

Este alegato foi desestimado.

3. Confusión entre as potestades de recuperación do camiño e a facultade de reposición da legalidade. Cita a sentenza do TSJ de Galicia de 3 de xaneiro de 2022.

Contestación: Reiteramos que esta administración posúe competencia para a recuperación dun treito de camiño que inequivocamente foi cedido en escritura pública. A sentenza que cita á alegante non é de aplicación o caso, por canto o TSJ de Galicia enxuciaba un caso no que o concello estaba intentando recuperar de oficio un treito de cesión para ampliación de viario **que non fora cedido por erro**. A Sentencia, acertadamente indica que neste caso non se pode acudir á recuperación de oficio. Pero o que diferencia o caso enxuciado pola devandita sentenza co obxecto do presente expediente, é que neste caso **o camiño que agora se pretende recuperar foi expresamente cedido en escritura pública e cun plano acoutado pola agora alegante**, polo que non sería de aplicación a doutrina establecida naquela sentenza.

STSJ de Galicia de 3 de xaneiro de 2022, Rec: funcionamento cuarto:

*“Cuarto.- (...) Del levantamiento topográfico llevado a cabo resulta la existencia de diferencias entre la realidad física existente, en que existe una edificación totalmente finalizada desde hace años, y el plano de las NNSS de Fisterra, de los portales NUM002 y NUM001 del edificio, en la calle Camiño DIRECCION003 (esquina Sur), que ocupa un exceso 62,60 m2 **porque se trata de una superficie que debiendo haber sido cedida, no lo fue**, a pesar de que esta condición venía impuesta por la licencia, siendo además uno de los deberes urbanísticos impuestos al tratarse de suelo urbano consolidado, por el entonces vigente artículo 19.a) de la LOUGA -habiéndose cedido más superficie en el espacio privado que ocupan los portales NUM000 (oeste, esquina calles DIRECCION000 y Camiño DIRECCION003) y NUM001 (este, RUA000). Como de la prueba practicada lo que resulta es que el problema deriva de un incorrecto replanteo del solar de origen, de donde resulta una variación del volumen final construido, la conclusión es la misma, y es de que se trata de una cuestión de Derecho Urbanístico.*

Este alegato debe ser desestimado.

4. Cuarta alegación: Indica a alegante, que a resolución da APLU non é firme por canto costa a interposición de recurso instando a paralización cautelar consonte co establecido no art. 117 da Lei 39/2015.

Contestación: Reiteramos que ó expediente tramitado pola APLU é independente deste, por canto esta administración exerce ás competencias que lle son propias. O feito de que a resolución da APLU constate a grave, evidente e inequívoca ocupación de dominio público o único que fai, como se dunha denuncia se tratase, é advertir a esta administración da necesidade imperativa de actuar en contra dos infractores que ocupan o dominio público.

5. Inexistencia dun informe que constate á “usurpación posesoria e a data nas que se iniciou”.

Contestación: Consta no expediente dun xeito inequívoco como a alegante está ocupando o treito do camiño que ela mesma cedeu. Dunha mera vista ás fotografías que se acompañan na resolución da APLU (folios 1 a 26), pódese apreciar como a alegante executou un muro de contención de terreos que se eleva máis de dous metros sobre o camiño co gallo de aproveitarse do treito de dominio público, como se aprecia claramente:






Estas fotos constan na resolución da APLU e foron feitas pola inspección deste organismo, inspección que goza da presunción iuris tantum de validez. Por outra parte, non se pediu proba en contrario nin se negou que a alegante non estea ocupando este terreo. Foi ademais a alegante parte neste expediente administrativo ante a APLU.

Ademais os servizos de inspección da APLU levantaron plano acoutado, plano que se reproduce na resolución da APLU que encabeza o expediente, resolución que ademais foi notificada á alegante, na que se aprecia como a alegante, sen título habilitante ningún e con claro desprezo á legalidade erixiu un muro sobre dominio público coa clara intención de apropiarse da franxa de camiño que ela mesma cedera.



Consta como na resolución da APLU os técnicos autonómicos, fixeron un estudo comparativo entre as rasantes naturais existentes na parcela antes da cesión dos terreos e da obra feita en comparación coa existente na actualidade:

Rasantes anteriores:



Se aprecia como non existía muro de contención.


Rasantes actuais, facéndose constancia da ubicación do muro en relación á zona de cesión:



Plano comparativo dos perfís do terreo no proxecto con licenza (2016) e no expediente de legalización (2021). Plano elaborado polos técnicos da APLU que se xunta completo como anexo a este informe, tomándose os datos dos planos contidos no expediente de legalización, asinado en maio de 2021, e no proxecto básico con licenza elaborado en setembro de 2016.

Establécense sen xénero de dúbidas como o muro de contención (marcado con frecha azul) está claramente invadindo a zona de cesión (indicado con frecha vermella). E isto faise co gallo de que a mercantil alegante poida usar de xeito privativo o dominio público na finca que queda en plano máis alto, cousa que se aprecia sen xénero de dúbidas nas fotografías.

Ademais existe no expediente tramitado informes onde claramente se aprecia a invasión do camiño con recheo e co muro de contención:



Pero é que ademais, na acta de cesión a agora alegante procedeu a modificar o catastro para facer que a cesión se materializase neste rexistro público, establecendo as coordenadas UTM de toda a franxa obxecto de cesión, deixando inequivocamente establecida a zona que estaba a ceder, **apreciándose dun xeito clarividente na ortofoto do catastro a clara invasión da alegante (liña azul muro, liña vermella zona de cesión segundo catastro):**



Aprecéiase aquí sen as liñas a configuración catastral e como sen xénero de dúbidas se está ocupando claramente o camiño público:



Ó non existir a máis mínima dúbida da invasión do vieiro por parte da alegante, e non existir proba

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



en contrario desestímose a alegación.

6. Sobre a non concorrencia dos requisitos establecidos xurisprudencialmente para que este concello poida exercer a acción de recuperación de oficio de bens públicos

Contestación dada: A xurisprudencia existe que concorran os seguintes requisitos, todos concorrentes no presente suposto:

1. Acreditación da posesión administrativa da franxa obxecto de cesión. Acredítase coa escritura pública de cesión, que como antes temos dito, supón a ficta traditio e a posesión do treito obxecto deste expediente.

2. Uso perturbado pola persoa cara a que se dirixa a acción administrativa.

Quedou constatado polas fotos que por Ría de Lires SL se edificou un muro de contención e recheo sobre o treito cedido co gallo de aproveitar esta franxa e aterrizar a parcela para ter un mellor aproveitamento da mesma, ocupando o treito do camiño que eles mesmo cederan.

Boa proba de que a alegante coñece esta usurpación é que presentou, como ela mesmo refire no seu escrito, unha solicitude de concesión do terreo de dominio público que agora ocupa. Dinos na súa alegación:

Es de destacar, además, que mi representada solicitó a este Ayuntamiento un estudio urgente de la viabilidad de formalizar un contrato de concesión de uso de dicha franja en fecha **14 de junio de 2018, número de registro de entrada 2347**, sin que se le hubiera contestado,

9

actuación incompatible con la usurpación, pues de haber tenido la intención de apropiarse dicha zona no lo hubiera solicitado.

Por tanto:

a. Nesa solicitude a alegante solicitaba a posibilidade de que se lle cedese o uso do camiño cedido a través dunha concesión.

b. Polo tanto, estase admitindo, por tanto, que está ocupando dominio público.

c. Está admitindo que, pese a que o concello non lle autorizou ocupar esta franxa, a empresa procedeu manu militari a súa ocupación se título algún para ocupar este dominio público.

Non se pode entender que agora se negue esta consideración cando pediu do concello ocupar este mesmo dominio público.

3. Realidade inequívoca de la invasión demanial con determinación da parcela ocupada.

Non existen dúbidas á vista de que existe un acta de cesión cun plano acoutado, que ademais foi inscrito no rexistro da propiedade e no catastro sinalándose as coordenadas UTM da vía pública, constando ademais, unha reportaxe fotográfica o suficientemente ampla para a constatación do anterior. Ademais existen multitude de planos de planta e sección erixidos polos servizos de inspección da APLU, e que se reiteran e reproducen no presente expediente.

Tal e como quedou indicado, é claro que o treito de camiño ocupado que é obxecto do presente expediente é o treito de camiño público que foi cedido pola mercantil RÍA DE LIRES SL en data 13 de xullo de 2017 ante a notaria Carmen Susana Mora Ferreiro, parcela segregada que ten a seguinte descrición

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



segundo o título:

“a) Finca segregada. Rústica. Finca número 248 – 1 (248-1) de la zona de concentración parcelaria de San Esteban de Lires, municipio de Cee. Tiene una superficie de 758,50 m2 y linda: norte, este y oeste, o camino y sur, Hermino Fandiño Canosa (247).” (...)

OTORGAN

Primero: que la entidad RÍA DE LIRES SL, aquí debidamente representada, con el consentimiento de los titulares registrales doña Inés Fraga Román y don Braulio Montero Pampín coma y declaran efectuada la segregación contenida en el expositivo dos de la presente.

Segundo: que la entidad RÍA DE LIRES SL, aquí debidamente representada, con el consentimiento de los titulares registrales doña Inés Fraga Román y don Braulio Montero Pampín, cede a título gratuito del total y pleno dominio de la finca segregada y descrita bajo el apartado a del expositivo dos al excelentísimo concello de cero aquí representado verbalmente, que la acepta y adquiere.”

Parcela que ademais consta debidamente catastrada dun xeito gráfico a favor do Concello de Cee, establecéndose as coordenadas UTM da finca cedida na devandita escritura de cesión.

4. Non transcurso do prazo. O tratase dun camiño público a facultade para recuperar os bens é imprescriptible.

Consonte co anterior, desestimouse a alegación.

I.5. RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE DE RECUPERACIÓN DE CAMIÑO PÚBLICO

En data 14 de xuño do 2023 foi resolto o presente expediente no seguinte sentido:

“Primeira. ACORDAR a recuperación de oficio do treito de camiño público que foi cedido pola mercantil RÍA DE LIRES SL en data 13 de xullo de 2017 ante a notaría Carmen Susana Mora Ferreiro, parcela segregada que ten a seguinte descrición segundo o título:

“a) Finca segregada. Rústica. Finca número 248 – 1 (248-1) de la zona de concentración parcelaria de San Esteban de Lires, municipio de Cee. Tiene una superficie de 758,50 m2 y linda: norte, este y oeste, o camino y sur, Hermino Fandiño Canosa (247).” (...)

OTORGAN

Primero: que la entidad RÍA DE LIRES SL, aquí debidamente representada, con el consentimiento de los titulares registrales doña Inés Fraga Román y don Braulio Montero Pampín coma y declaran efectuada la segregación contenida en el expositivo dos de la presente.

Segundo: que la entidad RÍA DE LIRES SL, aquí debidamente representada, con el consentimiento de los titulares registrales doña Inés Fraga Román y don Braulio Montero Pampín, cede a título gratuito del total y pleno dominio de la finca segregada y descrita bajo el apartado a del expositivo dos al excelentísimo concello de cero aquí representado verbalmente, que la acepta y adquiere.”

Parcela que ademais consta debidamente catastrada dun xeito gráfico a favor do Concello de Cee, establecéndose as coordenadas UTM da finca cedida na devandita escritura de cesión.

Segunda. En consecuencia, **ordenar** á entidade RÍA DE LIRES SL, a devolución do camiño ocupado e á restitución do dominio público afectado, ordenando a dita mercantil que proceda á retirar e eliminar as obras de recheo de terras e á demolición dun muro de contención, executadas sobre terreos destinados a camiño público, co fin de formar unha plataforma horizontal de terreo á mesma rasante que sobre a que se asentán as construcións destinadas a un complexo turístico existente na parcela con referencia catastral 0108601MH8600N0001BD, sitas no lugar de Lires 147, no termo municipal de Cee, provincia de A Coruña, conforme co establecido no plano de cesións e na licenza, debendo deixar o camiño libre e expedito e coa rasante que na actualidade posúe o camiño do que forma parte.

Terceira.- A obra de restitución deberá comezar no IMPRORROGABLE PRAZO de QUINCE DÍAS, debendo estar rematada a restitución no improrrogable prazo no prazo de TRES MESES, sen que a obra poida estar parada máis de UNHA SEMANA.

Cuarta.- ADVERTIR á entidade RÍA DE LIRES SL, que para o caso de resistencia ao seu cumprimento voluntario ou para o caso de non cumprimento dos prazos conferidos, serán ditas 5



multas coercitivas mensuais, por importe de 1.000 €, 2.000 €, 4.000 €, 8.000 € e 10.000 €.

Unha vez emitidas as devanditas 5 multas coercitivas procederase á execución subsidiaria, ditándose a correspondente resolución ó respecto. Neste caso será esta administración quen proceda á apertura e restitución do camiño a custe da mercantil RÍA DE LIRES SL, emitíndose a correspondente liquidación, que de non ser aboada, se procederá a liquidar por vía de constrinximento.

Quinta.- Notificar á entidade RÍA DE LIRES SL, coa indicación expresa de que contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o Pleno deste Concello, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Coruña, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vde. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.” Foi notificada á interesada en data 24 de xullo do 2023.

II. RECURSO DE REPOSICIÓN

En data 24 de agosto do 2023 a mercantil Ria de Lires SL, interpuxo recurso de reposición fronte ó citado acordo, no que solicita:

“Que tenga por interposto recurso de reposición ante la resolución a la que se ha hecho referencia en la parte expositiva, y dándole lugar trámite correspondiente acuerde estimar el presente recurso acordando su nulidad”.

Asemade, solicitou a suspensión cautelar da súa execución:

“OTROSÍ DIGO: Que de acuerdo con lo dispuesto en el artículo 117 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, *“del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas”*, interesa al derecho de esta parte la SUSPENSIÓN de la ejecutividad de la resolución impugnada.”

Os fundamentos do recursos son os seguintes:

Primeiro. Nega que as coordenadas UTM de Catastro actuais sexan as que figuran na escritura de cesión.

Contestación: Nun primeiro momento, a interesada opoñía que a franxa de terreo obxecto de recuperación no estaba correctamente identificada por este concello por facer unha alusión xenérica á escritura de cesión e ao seu plano. E agora engade que as coordenadas UTM non serían correctas. A elo debemos contestar no sentido de que as coordenadas son as establecidas no plano de cesión notarial elaborado pola interesada, polo tanto se hai algunha incorrección débese exclusivamente a ela. Porén, este feito non obstaculiza a potestade de recuperación do dominio público, dado que a franxa a recuperar atópase perfectamente delimitada no informe técnico do expediente da APLU e coas coordenadas UTM grafadas no catastro e que constan na escritura.

Por elo a alegación debe ser desestimada.

Segundo. Considera que a condición suspensiva da licenza consistente na cesión nunca chegou a xogar, pola presentación perante o concello do plano de cesión e o coñecemento deste da existencia do muro de contención.

Contestación: De acordo cos artigos 21, 24 e 29 da LSG, así como coa reiterada e pacífica xurisprudencia do Tribunal Supremo, as cesións deben practicarse libres de toda carga ou gravame.

Por tanto, esta alegación tamén debe ser desestimada.

Terceiro. Afirmar que non existe informe municipal ad hoc, parece opoñerse a que se traia o informe técnico da APLU a este expediente, que manifesta non ser firme.

Contestación: En primeiro lugar, non existe ningún impedimento legal para traer un informe doutro expediente, mesmo doutra administración pública, dado que a xurisprudenza ven admitindo de xeito



Exp. 2023/G010/000014

pacífico que se poidan incorporar informes mesmo coa súa cita, sempre que se garanta o dereito de defensa da persoa interesada, permitíndolle o acceso ao seu contido e a posibilidade de formular alegacións e mesmo presentar proba en contra. No presente expediente a interesada dispuxo da posibilidade de formular alegacións, polo que ningunha indefensión se lle ocasionou coa aportación do referido informe.

Por outra banda, resulta irrelevante que o dito informe se emitira nun expediente cuxa resolución non sexa firme; se soamente se puidesen tomar en consideración os informes de expedientes firmes, ningún informe sería válido ata acadar a firmeza administrativa, o cal carece de sentido. Do mesmo xeito, como xa se dixo, o presente expediente ten un obxecto propio e diferenciado respecto ao tramitado pola APLU, aquí non se trata de executar actos administrativos destoutra administración e procedemento, senón de lograr a recuperación posesoria de bens municipais, polo que non é preciso agardar a firmeza daquel procedemento.

Finalmente, debemos insistir en que ningunha indefensión se causou á interesada coa incorporación dun informe doutro expediente, pero no que tamén é parte interesada, e do que tivo pleno coñecemento tanto aquí como fronte á propia APLU, tal e como demostran as súas manifestacións recoñecendo, así coma o feito incontestable de que o recorreu na vía contencioso-administrativa.

Ademais ningunha proba se achega da incorrección deste informe, e este presuponse cunha validez iuris tantum.

A alegación debe desestimarse.

Cuarto. Reiteración das alegacións formuladas en data 29 de maio do 2023. A interesada insiste en que o informe técnico da APLU non é suficiente para resolver o presente expediente, sen mediar “unha verdadeira investigación da franxa que pretende recuperar”; do mesmo xeito, volve sobre a cuestión relativa á presunta falta de identificación da franxa obxecto de cesión, así como á ausencia dun informe técnico municipal.

Contestación: Trátase de cuestións xa analizadas nos puntos anteriores dos antecedentes de feito, polo que sería redundante volver sobre elas.

A alegación debe desestimarse.

III. LEXISLACIÓN APLICABLE

-Constitución Española de 1978.

-Código Civil (CC)

-Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).

-Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.

-Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJPAC).

-Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño (RBEL).

- Lei 5/2011, de 30 de setembro, del patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Decreto 50/1989, de 9 de marzo, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 3/1985, de 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma galega.

VII. OBRIGATORIEDADE DA RECUPERACIÓN DOS BENS PÚBLICOS MUNICIPAIS

A) FUNDAMENTO DA OBRIGA DE DEFENSA DOS BENS E DEREITOS LOCAIS

O artigo 68.1 da LBRL impón ás entidades locais a obriga de defender os seus bens, para o que lles outorga as tan citadas potestades de investigación, deslinde e recuperación administrativa. Por tanto e á vista da posición do propietario que vén realizando actos presuntamente usurpatorios respecto do camiño que se refire o presente expediente, debendo o Concello iniciar o procedemento de investigación e a resultas do mesmo proceder ao seu deslinde, para a seguir concluír co procedemento de recuperación de oficio, pois: “a natureza dos remates aos que están afectados os bens de dominio público xustifica un réxime xurídico privilexiado que habilita á Administración por si mesma e sen necesidade de acudir aos Tribunais para recuperar a súa posesión, o que implica unha aplicación da autotutela administrativa no ámbito do dominio público... e constitúe, en esencia, unha auténtica acción interdital, coñecida como interdictum impropium, de carácter puramente posesorio, que deixa impregulgado o problema da titularidade dominical, prerrogativa recoñecida por abundante e constante xurisprudencia cuxa notoriedade



escusa a cita concreta" (STS 25-3-1998). Non é posible a prescrición extintiva porque os camiños son bens de dominio e uso público, e xa que logo imprescriptibles.

B) PROCEDEMENTO: INFORME TÉCNICO NON PRECEPTIVO

En canto ao procedemento, salvo error ningunha norma establece que para resolver o expediente sexa preciso non xa un informe técnico emitido pola entidade local, no se establece ningún informe como preceptivo.

Así, o citado art. 68.1 da Lei de Bases de Réxime Local establece a obriga da corporación municipal de emprender as accións precisas para a defensa dos seus bens e dereitos, pero nada di do procedemento a seguir.

Por outra banda, a Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas dispón, no seu artigo 56, que "regulamentariamente se regulará o procedemento para o exercicio da potestade de recuperación", establecendo unicamente que se concederá audiencia ao interesado, "e unha vez comprobado o feito da usurpación posesoria e a data na que esta se iniciou, se requirirá ao ocupante para que cese na súa actuación". É dicir, que se lle da liberdade á administración para elixir o medio co que comprobar o feito da usurpación.

En idéntico sentido, a Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, nos seus artigos 122 e 123, que tampouco establece ningún informe preceptivo.

En conclusión, nada impide a esta administración probar a usurpación dos seus bens con informes doutras administracións, sempre que se garanta o dereito ao trámite de audiencia, como se fixo no presente expediente.

IV. DESESTIMACIÓN DA SOLICITUDE DE SUSPENSIÓN DA EXECUTIVIDADE DA RESOLUCIÓN RECORRIDA

A interesada solicita, no seu recurso de reposición, a suspensión cautelar da súa execución, con fundamento no artigo 117 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

De acordo cos artigos 38 e 98 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os actos das Administracións Públicas suxeitos ao dereito administrativo serán inmediatamente executivos, coas excepcións previstas na lei, sendo unha destas excepcións a adopción do acordo de suspensión da execución do acto.

Por tanto, a regra xeral respecto dos actos administrativos é a da súa executividade, privilexio consubstancial á actividade da Administración pública, que lle permite incidir na esfera xurídica dos administrados impondo unilateralmente as súas decisións, polo que, ao ser a suspensión unha excepción a esta regra básica, cando queira que se adopte, deberá vir debidamente motivada.

En consonancia con elo, o artigo 117.1 da Lei 39/2015 establece que, como regra xeral, a interposición de calquera recurso non suspende a execución do acto impugnado e que para que opere o mecanismo excepcional da suspensión será precisa a previa ponderación suficientemente razoada entre o prexuízo que a suspensión causaría ao interese público ou a terceiros e o prexuízo que se lle causa ao recorrente, nos supostos de que a execución puidese causar prexuízos de imposible ou difícil reparación ou a impugnación se fundamente nalgunha das causas de nulidade de pleno dereito previstas no artigo 47 da lei. Respecto disto cómpre matizar que, para a ponderación dos intereses en xogo conducente á decisión sobre a suspensión, non abonda cunha mera alegación de prexuízos e causas de nulidade, senón que é precisa a súa proba por parte de quen os invoca.

No presente caso non se expoñen cales serían os prexuízos que lle ocasionaría a execución á recorrente, nin se fai a oportuna ponderación entre os seus intereses e o interese público pola recuperación dos bens de dominio público.

Os tribunais veñen facendo unha interpretación restritiva da posibilidade de acordar as medidas cautelares na vía administrativa:

